
PROGRAMA DA

**ASOCIACION DEMOCRATICA
DA MULLER GALEGA**

«CONCEPCION ARENAL»

Os anos de dictadura supuxeron prá muller, e pró resto do pobo, a privación de tódolos dereitos democráticos do réxime anterior.

A dictadura institucionalizou a nosa discriminación facendo leis claramente desiguales pra homes e mulleres, ademáis de fomentar unha serie de costumes i esquemas na sociedade e unha educación que deixaba á muller nunha clara inferioridade con respecto ó home.

Esta discriminación legal e a marxinación na vida económica, política e social da muller permitíalle ó fascismo utilizala como un elemento conservador e inactivo que frenara calquer intento de establecer un réxime máis democrático.

Hoxe, que nace no país a democracia, siguen inda en pé todas estas leis, claramente desfasadas na situación actual.

Somos nós, as mulleres, que sufrimos esta inxusticia, as que teremos que rematar con ela. Pro pra eso é necesario que nos unamos e organicemos porque individualmente non se resolve un problema que nos é común a todas.

POR TODO O QUE NOS UNE: ORGANICÉMONOS

A «ASOCIACION DEMOCRATICA DA MULLER GALEGA» é unha Asociación

- ⊗ INTERCLASISTA: que agrupa a mulleres de tódalas clases e sectores sociais porque todas nós estamos discriminadas e interesadas na democracia como sexo oprimido.
- ⊗ UNITARIA: onde teñen cabida mulleres das máis distintas ideoloxías, relixións, etc., sempre que antepoñan os intereses de tódalas mulleres por enriba das súas ideoloxías personales ou intereses de partido, sendo, pois:
- ⊗ INDEPENDENTE dos PARTIDOS e do GOBERNO.
- ⊗ POLITICA de carácter DEMOCRATICO: xa que soio na democracia se reconocen os nosos dereitos, pois non hai auténtica democracia onde a muller é considerada cidadana de 2.ª categoría.
- ⊗ GALEGA: estamos por un goberno autónomo galego que, coa activa participación das mulleres, dé solucións á problemática específica da muller galega.

O NOSO PROGRAMA É:

- ⊗ IGUALDADE PLENA DA MULLER ANTE A LEI e a desaparición de tódalas discriminacións legais dos Código Civil, Penal e Laboral—
- ⊗ DEREITOS CONIUGALES: as relacións familiares na democracia deben estar basadas na igualdade xurídica dos sexos:
 - * Patria Potestade compartida.
 - * Administración compartida dos bens gañanciales.
 - * Desaparición do concepto xurídico de adulterio.
 - * Lei de divorcio xusta e non discriminatoria prá muller.
- ⊗ DESAPARICION da DISCRIMINACION entre os fillos tidos dentro e fora do matrimonio:
 - * Abolición dos termos «lexítimos» e «ilexítimos».
 - * Desaparición de toda a discriminación contra a nai solteira.
- ⊗ DEROGACION DAS LEIS PROTECCIONISTAS NO TRABALLO:
 - * Dereito a acceder a toda clase de traballos sin excepción, incluída a carreira militar.
 - * Igualdade nas prestacións á Seguridade Social.
- ⊗ COEDUCACION a tódolos niveles e REVISION DOS ACTUALES PROGRAMAS EDUCATIVOS que elimine calquer criterio discriminatorio no ensino.
- ⊗ DEREITO A PLANIFICACION FAMILIAR:
 - * Información sexual científica e clara.
 - * Legalización de tódolos anticonceptivos a cargo da Seguridade Social.
 - * Con respecto ó aborto, estamos en contra da súa utilización como un método anticonceptivo máis. Pro a realidade é que hoxe en España realízanse uns 400.000 abortos ó ano i en condicións infra-

humanas. Pra rematar con esta situación é imprescindible unha axeitada información de métodos anticonceptivos e unha distribución libre e gratuita dos mesmos. De tódolos xeitos, para aqueles casos en que o aborto quedara como último recurso, débese poder realizar en condicións adecuadas polo que se ten que DESPENALIZAR e ser reconecido o dereito da muller a interrumpir un embarazo non desexado.

- ⊙ Estamos en contra da prostitución, pro opoñémonos tamén á actual represión exercida contra das prostitutas porque, sendo a propia sociedade quen orixina e fomenta a prostitución, é unha hipocresía social o trato que hoxe se lle dá, ademáis de ser totalmente ineficaz. Namentras non consigamos unha sociedade igualitaria pra homes e mulleres, única garantía de que a prostitución desaparezca totalmente, á prostituta débenselle reconecer uns medios de defensa e os seus dereitos como muller.
- ⊙ O lesbianismo é hoxe prohibido pola Lei de Peligrosidade Social. Pensamos que o Estado non debe inmiscuirse nestes problemas que afectan á intimidade da persona e que debe ser, por tanto, DESPENALIZADO.
- ⊙ AMNISTIA pra tódalas mulleres condenadas por delitos inxustos e discriminatorios.

MULLER: POLA NOSA IGUALDADE

AFILIATE Á “ASOCIACIÓN DEMOCRÁTICA DA MULLER GALEGA” “Concepción Arenal”

PRA CONTACTAR COA ASOCIACION PODERA DIRIXIRSE A:

VIGO : Colón, 9 - Pcpal. Oficina 4.
LUGO :
SANTIAGO : Curros Enríquez, 19 - 5.º (Provisional)
A CRUÑA :
O FERROL :